



1

O Grupo Municipal do Partido Popular, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción con motivo do día internacional da eliminación da violencia contra a Muller 2018

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A eliminación da violencia contra as mulleres é un reto de toda a sociedade, unha tarefa conxunta que require unha actuación unitaria e a máxima coordinación, colaboración e cooperación, sempre desde o respecto ao réxime de distribución competencial en todas as accións que se desenvolvan, posto que o traballo que se realiza para conseguir a súa erradicación implica a multitude de axentes, tanto desde o sector público como desde o privado.

Para iso, necesítase un consenso institucional, político e social que mostre, sen fisuras, o compromiso de todas as institucións coa sociedade galega para alcanzar os acordos que permitan avanzar na erradicación da violencia contra as mulleres.

Combater calquera forma de violencia de xénero: violencia física, violencia psicolóxica, violencia económica, violencia sexual, abusos sexuais, acoso sexual e a trata de mulleres e nenas explotadas sexualmente, debe ser unha cuestión de Estado, xa que a violencia contra a muller constitúe unha violación dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais.

Así o esixe a sociedade no seu conxunto xa que, nesta materia, só se conseguen avances se hai un compromiso de todos os sectores políticos e sociais para poñer na axenda, como un asunto prioritario, a loita contra todas as formas de violencia cara ás mulleres, conscientes de que se trata dunha cuestión que nos afecta como

A Pobra do Caramiñal  
sociedade e como país e da que depende o futuro da nosa  
convivencia.

2  
É unha tarefa que require unha actuación unitaria de todas as  
forzas políticas e da cidadanía, polo que é necesario seguir  
traballando na senda da máxima coordinación, colaboración e  
cooperación entre todos e todas e seguir concienciando á  
sociedade da necesidade de rematar con esta lacra para entre  
todos erradicar completamente a violencia de xénero.


A concienciación social foi e é esencial para erradicar o problema,  
por iso a necesidade de alcanzar acordos.

Nos últimos anos tense producido notables avances neste eido,  
pero hai que seguir traballando e acabar con calquera forma de  
violencia exercida contra a muller coa posta en marcha de leis e  
medidas para combatela. Entre estas medidas xa postas en  
marcha, están a aprobación da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de  
decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de  
xénero, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o  
tratamento integral da violencia de xénero e, o Pacto de Estado  
contra a Violencia de Xénero, que supuxo un gran avance na unión  
de partidos políticos, administracións, institucións e organizacións  
na formulación de medidas para a erradicación da violencia de  
xénero.

Por todo o anterior o Grupo Municipal Popular do Concello de Pobra  
do Caramiñal solicita do Pleno da Corporación a adopción dos  
seguintes

## ACORDOS

1. Instar ao Goberno do Estado a incrementar os fondos destinados ao cumprimento do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, que están asignados aos concellos para programas dirixidos á erradicación da violencia de xénero.
2. Instar á Xunta de Galicia a incrementar os orzamentos destinados aos concellos para programas dirixidos á erradicación da violencia de xénero.
3. Instar ao Concello á creación dunha Comisión Interpartamental Municipal para o seguimento da aplicación das actuacións contra a violencia de xénero, así como adherirse ás campañas que a Xunta de Galicia, en colaboración coa FEGAMP, pon a disposición dos concellos.



**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA  
DO CARAMIÑAL**